

RESOLUCIÓN do 16 de abril de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, convocado por acordo do 8 de xullo de 2019, pola que se fan públicas as cualificacións do proceso selectivo.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia, do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24.10.2019) para cualificar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019 (DOG núm. 142, do 29.07.2019) **acordou:**

Primeiro. De conformidade co disposto na base 9.1 hai seis aspirantes que obtiveron a puntuación mínima necesaria.

Segundo. De conformidade co disposto na base 9.1 unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a resolución do tribunal coa relación das persoas aspirantes que acadaron o resultado de apto no segundo exercicio (**atopándose neste caso todos exentos**) e superaron os outros dous exercicios, coa puntuación total obtida, publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e na páxina web do Parlamento de Galicia, segundo o seguinte cadro de cualificación:

Aspirante	1º Exercicio	3º Exercicio	Nota final
Antonio Nieto Moure	8,6	8,3	16,9
Esteban García Paz	7,9	8,0	15,9
Antonio Domínguez Groba	6,3	7,8	14,1
Carlos Cuervo Martínez	6,9	6,6	13,5
Tomás Vilariño Fidalgo	5,4	6,4	11,8
Carlos Vázquez Suárez	5,6	6,1	11,7

Terceiro: Declarar que, de acordo coa base 9.3 da convocatoria, só superaron o proceso selectivo as dúas persoas que acadaron a maior puntuación: **Antonio Nieto Moure** e **Esteban García Paz**.

Cuarto. Propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización e aprobación do proceso selectivo e o ingreso de **Antonio Nieto Moure** e **Esteban García Paz** no corpo de xestión, na escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, como persoal funcionario de carreira.

Quinto. Segundo a base décimo segunda da convocatoria, o resto das persoas aspirantes incluídas no cadro da cualificación final da oposición, que non superaron o proceso selectivo, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas.

Sexto. Conceder, en cumprimento da base 9.4 da convocatoria, un prazo de dez días, contados desde o día seguinte á data de publicación desta resolución no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do Tribunal